# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
CURSO:4º DE PRIMARIA
MATERIA: Lingua Castelá
DEPARTAMENTO:
DATA:12 - 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **B1.3.** Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente | **B1.3.3.** Participa activamente na conversación contestando preguntas e facendo comentarios relacionados co tema da conversación. |
| **B1.4.** Comprender mensaxes orais e analízaos con sentido crítico. | **B1.4.2.** Comprendela información xeneral en textos orais de uso habitual. |
| **B1.8.** Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instrutivos e argumentativos, etc. | **B1.8.2.** Responde de forma correcta a preguntas concernentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais |
| **B1.9**. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais e directamente relacionados coas actividades da aula, imitando modelos: narrativos, descritivos os, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos. | **B1.9.1.** Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves imitando modelos<br>**B1.9.3**. Organiza e planifica o discurso adecuándose á situación de comunicación e ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir, informarse, dialogar) utilizando os recursos lingüísticos pertinentes. |
| **B2.1.** Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada. | **B2.1.1.** Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados a súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. |
| **B2.2**. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta. | **B2.2.1.** Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura de un texto en voz alta.<br>**B2.2.2**. Amosa comprensión, con certo grado de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá. |
| **B2.8.** Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos. | **B2.8.1.** Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto. |
| **B2.9.** Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a busca e tratamento da información. | **B2.9.1.** Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.<br>**B2.9.2**. É capaz de interpretar a información e facer un resumen da mesma. |
| **B3.1.** Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación. | **B3.1.3**. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura. |
| **B3.2** Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión | **B3.2.2.** Aplica correctamente os signos de puntuación, las regras de acentuación e ortográficas. |

| | |
|---|---|
| e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais | **B3.2.3.** Reproduce textos ditados con corrección. |
| **B3.5**. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética. | **B3.5.1.** Pon interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal |
| **B3.7.** Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomente a creatividade. | **B3.7.1.** Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación, etc. Adapta a expresión á intención, tendo en conta ó interlocutor e o asunto de que se trata. Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. Reescribe o texto.<br>**B3.7.2.** Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. |
| **B4.2.** Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | **B4.2.1**. Coñece, recoñece e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos y neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.<br>**B4.2.2.** Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e es capaz de crear palabras derivadas<br>**B4.2.5.**Recoñece a oración simple, diferenza suxeito e predicado. |
| **B4.4.** Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través del coñecemento da lingua. | **B4.4.3.** Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.<br>**B4.4.4.** Usa con corrección os signos de puntuación. |
| **B4.1.** Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación más eficaz. | **B4.1.1**. Coñece e recoñece todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións, etc.<br>**B4.1.3**. Diferenza familias de palabras. |
| **B4.3.** Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | **B4.3.3.** Coñece as normas  ortográficas e aplícaas nas súas producións escritas.<br>**B4.3.1.** Coñece a estrutura do dicionario  e o usa para buscar o significado de calquera palabra (derivados, plurais, formas verbais, sinónimos, etc.). |

| | |
|---|---|
| **B5.4**. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais. | **B5.4.1.** Crear textos literarios (contos, poemas, cancións e pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos nas devanditas producións. |
| **B5.5.** Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade utilizando adecuadamente os recursos básicos. | **B5.5.1.** Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados a súa idade e de textos de produción propia. |
| **B5.1.** Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia. | **B5.1.1.** Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |
| **B5.2.** Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, recoñecendo e interpretando algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras) e diferenciando as principais convencións formais dos xéneros | **B5.2.1.** Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. |
| **B2.4.** Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias. | **B2.4.2.** Resume un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias. |
| **B2.5.** Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole. | **B2.5.4.** Realiza inferencias e formula hipótese. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Observación directa do traballo do alumnado.<br>- Análise das producións do alumnado e probas específicas.<br>- Valoración do esforzo |
| | Instrumentos:<br>- Rexistro anecdótico (Entrega de tarefas, pregunta as dúbidas, entrega traballos en prazo, medios dos que dispón, situación familiar,...)<br>- Fichas de distintos tipos.<br>- Actividades de reforzo<br>- Actividades telemáticas (Blog de aula)<br>- Creacións propias.<br>- Entrevistas orais telefónicas |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Na cualificación final deste curso 2019-2020 realizarase a media do 1º e do 2º trimestre. O alumnado que non acadase unha cualificación positiva no 1º e 2º avaliación poderá superar a materia demostrando, coas tarefas presentadas, que acadou os estándares definidos como esenciais para este 3º trimestre.<br><br>Neste terceiro trimestre valoraranse as actividades solicitadas e presentadas, así como a participación nas tarefas propostas para a mellora do desenvolvemento das competencias básicas.<br><br>Se a valoración do terceiro trimestre é positiva engadirase como suma á media obtida nos dous trimestres anteriores, e coa media das dúas partes obterase a nota final que será tida en conta para favorecer a cualificación do alumno/a, nunca para prexudicar o resultado final. Se a media que resulta é inferior a das aprendizaxes presenciais (1º e 2º trimestre) non se terá en conta primando así o anterior. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado con materias pendentes, aínda que si hai alumnos con dificultades de aprendizaxe que acadaron os obxectivos mínimos con reforzo educativo. A mestra Pedagoxía Terapéutica propón actividades para reforzar contidos que se están a traballar e mantense un contacto frecuente coas familias e os propios nenos, mantendo conversas telefónicas, audios e,nalgunha ocasión, vídeos con explicacións, xa que se trata de alumnos que precisan axuda e motivación. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | - Exercicios propostos a través de fichas variadas para chegar a todos e todas<br>- Elaboración de distintos textos que serán enviados escritos ao correo electrónico ou por foto ao whatsapp, gravacións de vídeo contando algo (exemplo explicar a división de dúas cifras), audios para a radio...<br>- Actividades telemáticas (Blog).<br>- Actividades propostas polos Equipos de Biblioteca ou Dinamización.<br>- Comunicacións orais a través de whatsapp<br>- Sesións de corrección de erros por teléfono.<br>- Propostas da mestra de Pedagoxía Terapéutica, aproveitando que están colgadas na rede e coma actividades voluntarias. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | *Metodoloxías activas* que impliquen a participación directa do alumno; *funcional* e *atractivas* para espertar a súa curiosidade e interese; *contextualizada* e adaptada á situación actual con actividades *construtivas* e de *descubrimento.*<br>- As actividades son colgadas semanalmente na web do cole. Son fichas estándar de elaboración propia ou das editoriais. Moi variadas en contido e niveis de dificultade para chegar a todos.<br>- No Blog cólganse vídeos explicativos, actividades alternativas, xogos para reforzar e entreter aprendendo.<br>- Comunicacións telefónicas directas para solucionar dúbidas, para corrixir erros, para enviar traballos orais ou vídeos. |
| **Materiais e recursos** | Fichas para imprimir ou copiar no caderno, xogos en liña, vídeos e audios explicativos, contos e distintos tipos de lectura, a radio, o blog, libros da editorial Santillana de 4º e acceso virtual ó mesmo (móbil, internet, ordenador... ) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.<br>Comunicación directa coas familias a través da web, do correo electrónico e do teléfono |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
CURSO:4º DE PRIMARIA
MATERIA: Lingua Galega
DEPARTAMENTO:
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **B1.3.** Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | **B1.3.3.** Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. |
| **B1.4.** Comprende mensaxes orais e analízaos con sentido crítico. | **B1.4.2.** Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual. |
| **B2.1.**Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). | **B2.1.2.** Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).<br>**B2.1.3.** Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. |
| **B2.5.** Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas | **B2.5.1.** Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. |
| **B2.2.** Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta. | **B2.2.1.** Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir dla lectura dun texto en voz alta.<br>**B2.2.2.** Amosa comprensión, con certo grado de detalle, de diferentes tipos de textos no literarios (expositivos, narrativos, descritivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá. |
| **B2.6.** Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses. | **B2.6.1**. Descodifica sen dificultade as palabras.<br>**B2.6.2.** Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada. |
| **B2.10.** Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | **B2.10.2.** Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. |
| **B3.1.** Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | **B3.1.2.** Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.<br>**B3.1.3.** Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).<br>**B3.1.4.** Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística.<br>**B3.1.5.** Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores. |

| | |
|---|---|
| **B3.2.** Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas coa vida cotiá. | **B3.2.1.** Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica seguindo un guión establecido.<br>**B3.2.2.** Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis).<br>**B3.2.3.** Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido. |
| **B3.4.** Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | **B3.4.1.** Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. |
| **B3.7.** Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | **B3.7.1.** Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado en calquera soporte. |
| **B4.2.** Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | **B4.2.2.** Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.<br>**B4.2.3.** Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre os falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos. |
| **B4.7.** Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos. | **B4.7.1**. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.<br>**B4.7.2.** Recoñece e usa sinónimos, antónimos... palabras polisémicas de uso habitual. |
| **B4.6.** Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía. | **B4.6.1.** Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital. |
| **B4.1.** Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | **B4.1.1.** Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.<br>**B4.1.2.** Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.<br>**B4.1.3.** Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.<br>**B4.1.4.** Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.<br>**B4.1.5.** Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao. |

| | |
|---|---|
| **B5.1.** Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral. | **B5.1.1.** Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.<br>**B5.1.2.** Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. |
| **B5.2.** Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. | **B5.2.1.** Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.<br>**B5.2.2.** Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual en diferentes soportes. |
| **B5.4.** Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos | **B5.4.1.** Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. |
| **B1.1.** Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo. | **B1.1.1.** Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. |
| **B1.6.** Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe. | **B1.6.1.** Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.<br>**B1.6.2.** Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. |
| **B1.10.** Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | **B1.10.1.** Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. |
| **B3.6.** Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos. | **B3.6.1.** Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido. |
| **B4.4.** Recoñecer e empregar os conectores básicos. | **B4.4.1.** Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición... |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>- Observación directa do traballo do alumnado.<br>- Análise das producións do alumnado e probas específicas.<br>- Valoración do esforzo</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>- Rexistro anecdótico (Entrega de tarefas, pregunta as dúbidas, entrega traballos en prazo, medios dos que dispón, situación familiar,...)<br>- Fichas de distintos tipos.<br>- Actividades de reforzo<br>- Actividades telemáticas (Blog de aula)<br>- Creacións propias.<br>- Entrevistas orais telefónicas</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Na cualificación final deste curso 2019-2020 realizarase a media do 1º e do 2º trimestre. O alumnado que non acadase unha cualificación positiva no 1º e 2º avaliación poderá superar a materia demostrando, coas tarefas presentadas, que acadou os estándares definidos como esenciais para este 3º trimestre.<br><br>Neste terceiro trimestre valoraranse as actividades solicitadas e presentadas, así como a participación nas tarefas propostas para a mellora do desenvolvemento das competencias básicas.<br><br>Se a valoración do terceiro trimestre é positiva engadirase como suma á media obtida nos dous trimestres anteriores, e coa media das dúas partes obterase a nota final que será tida en conta para favorecer a cualificación do alumno/a, nunca para prexudicar o resultado final. Se a media que resulta é inferior a das aprendizaxes presenciais (1º e 2º trimestre) non se terá en conta primando así o anterior.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td></td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>Non hai alumnado con materias pendentes, aínda que si hai alumnos con dificultades de aprendizaxe que acadaron os obxectivos mínimos con reforzo educativo. A mestra Pedagoxía Terapéutica propón actividades para reforzar contidos que se están a traballar e mantense un contacto frecuente coas familias e os propios nenos, mantendo conversas telefónicas, audios e,nalgunha ocasión, vídeos con explicacións, xa que se trata de alumnos que precisan axuda e motivación.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Exercicios propostos a través de fichas variadas para chegar a todos e todas (repaso, reforzo, ampliación)<br>- Elaboración de distintos textos que serán enviados escritos ao correo electrónico ou por foto ao Whatsapp, gravacións de vídeo contando algo (exemplo explicar a división de dúas cifras), audios para a radio...<br>- Actividades telemáticas (Blog)<br>- Actividades propostas polos Equipos de Bibliotece e de Dinamización<br>- Comunicacións orais a través de Whatsapp<br>- Sesións de corrección de erros por teléfono.<br>- Propostas da mestra de Pedagoxía Terapéutica (mantemos unha coordinación semanal para achegarlle as súas propostas ao alumnado que apoiaba na aula) |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | *Metodoloxías activas* que impliquen a participación directa do alumno; *funcional* e *atractivas* para espertar a súa curiosidade e interese; *contextualizada* e adaptada á situación actual con actividades *construtivas* e de *descubrimento.*<br>- As actividades son colgadas semanalmente na web do cole. Son fichas estándar de elaboración propia ou das editoriais. Moi variadas en contido e niveis de dificultade para chegar a todos.<br>- No Blog cólganse vídeos explicativos, actividades alternativas, xogos para reforzar e entreter aprendendo.<br>- Comunicacións telefónicas directas para solucionar dúbidas, para corrixir erros, para enviar traballos orais ou vídeos. |
| **Materiais e recursos** | Fichas para imprimir ou copiar no caderno, xogos en liña, vídeos e audios explicativos, contos e distintos tipos de lectura, a radio, o blog, libros da editorial Santillana de 4º e acceso virtual ao mesmo (móbil, internet, ordenador... ) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.<br>Comunicación directa coas familias a través da web, do correo electrónico e do teléfono |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
CURSO:4º DE PRIMARIA
MATERIA: Matemáticas
DEPARTAMENTO:
DATA: 12 de maio de 2020

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **B1.2.** Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | **B1.2.1**. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).<br>**B1.2.4.** Identifica e interpreta datos e mensaxes con textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas…). |
| **B1.4**. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ó seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas. | **B1.4.1.** Practica o método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático.<br>**B1.4.2.** Planifica o proceso de traballo con preguntas adecuadas: que quero pescudar?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é adecuada? |
| **B1.10.** Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas | **B1.10.1.** Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as consecuencias das mesmas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. |
| **B2.1**. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). | **B2.1.2.** Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| **B2.2.** Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | **B2.2.1.** Descompón e redondea números naturais e decimais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| **B2.3.** Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas | **B2.3.1.** Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.<br>**B2.3.2.** Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador<br>**B.2.3.3.** Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados |
| **B2.4.** Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá | **B2.4.1.** Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.<br>**B2.4.3.** Elabora e usa estratexias de cálculo mental. |
| **B2.5.** Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá | **B2.5.2.** Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e a resolución de problemas. |

| | |
|---|---|
| **B2.6.** Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades das mesmas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se ha de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando máis adecuado. | **B2.6.1.** Realiza operacións con números naturais: suma, resta.<br>**B2.6.3.** Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.<br>**B2.6.4**. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.<br>**B2.6.5.** Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.<br>**B2.6.8**. Aplica a xerarquía das operacións e os usos do paréntese. |
| **B3.1.** Seleccionar, instrumentos e unidades de medida coñecidas, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, superficie, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais. | **B3.1.1**. Identifica as unidades do Sistema Métrico Decimal. Lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume. |
